

Número 6 - Ano 2023

ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

14 de xuño de 2023

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, sendo ás nove horas e sete minutos do día catorce de xuño de 2023; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa en funcións, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras en funcións DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON ÓSCAR POY FRANCO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Sostibilidade Urbana; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZA O ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Non asisten DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO.

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6648888402188972846.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 14-6-2023 (FINIQUITO)

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 9 de xuño de 2023 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIAS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO OS DÍAS 30 DE MARZO E 27 DE ABRIL DE 2023 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 2 DE MAIO DE 2023.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, étrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, o seguinte ACORDO:

1/69 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIAS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO OS DÍAS 30 DE MARZO E 27 DE ABRIL DE 2023 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 2 DE MAIO DE 2023.- Vista a proposta de Secretaría, do 8 de xuño de 2023, do teor literal seguinte:

“O Excmo. Concello Pleno os días 30 de marzo e 27 de abril de 2023 celebrou as sesións ordinarias correspondentes aos citados meses. Do mesmo xeito, o día 2 de maio de 2023 celebrou a sesión extraordinaria para efectuar o sorteo das mesas electorais. Das referidas levantáronse as correspondentes actas que, unha vez incorporadas as intervencións nelas producidas, foron asinadas polo Secretario Xeral do Pleno e pola Alcaldesa-Presidenta.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

APROBAR as actas correspondentes ás seguintes sesións plenarias:

- Sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2023.
- Sesión ordinaria celebrada o 27 de abril de 2023
- Sesión extraordinaria celebrada o día 2 de maio de 2023.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 22

- **Votos a favor:** 22 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA APROBAR** as actas correspondentes ás seguintes sesións plenarias:

- Sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2023.
- Sesión ordinaria celebrada o 27 de abril de 2023
- Sesión extraordinaria celebrada o día 2 de maio de 2023.

INTERVENCIONS

DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo, sinala: ... trátase do último Pleno e eu quero agradecer a contribución de todos e cada un dos compoñentes da Corporación, o seu traballo en prol da cidade, en aras a mellorar a nosa querida cidade e a mellora dos cidadáns. E como se trata do último Pleno, se por parte dos distintos voceiros se queren facer uso da palabra... pois pásolle primeiramente a quenda de intervención á voceira de Cidadáns.

DONA OLGA LOUZAO ALDARIZ: pois moitas grazas. En primeiro lugar gustaríame compartir con vós que foi un honor poder representar a Lugo durante estes anos, que foron un traballo arduo en nome de Juan, o meu compañeiro, pero creo que tamén constructivo, así entendemos a política e queremos que ao mellor pode servir como cemento e como exemplo do que entendemos que ten que ser a actividade política. Ser críticos, que sabedes que o fomos e o seguiremos levando porque cremos que tamén ten que haber esa parte, pero tamén constructiva e propositiva porque se algo nos une a todos aquí é que queremos que Lugo mellore.

En segundo lugar gustaríame tamén agradecer a todos os traballadores municipais pola súa comprensión, polo seu apoio e tamén por estar aí cando necesitamos axuda porque non todos vimos da política e esa axuda é fundamental.

En terceiro lugar tamén aos medios de comunicación que nos soportaron durante estes oito anos que espero que entenderan cal foi o noso traballo e cal foi a nosa folla de ruta e tamén por suposto que estiveron tamén ao noso lado para recoller a información que nós entendíamos que era relevante para a cidadanía.

Nada máis. Foron oito anos moi bos, nos que me levo unha experiencia vital marabillosa e que como sabedes que seguiremos guerreando por fóra e eu creo que isto non vai ser un adeus, senón un ata logo porque seguiremos querendo sexa mellor e desexarvos aos que seguides aquí moita sorte, moito acerto, porque iso será bo para todos e todos queremos que Lugo sexa un sitio mellor para nós, pero tamén para os nosos fillos que o merecen máis que ninguén.

Moitas grazas e moita sorte.

(Aplausos)

DON LARA MÉNDEZ LÓPEZ: moitas grazas, querida Olga, e quenda agora para o voceiro do BNG.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6648888402188972846.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 14-6-2023 (FINIQUITO)

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: pois tamén agradecer tanto aos membros que estiveron no goberno polo traballo dado durante estes catro anos como aos membros que estiveses na oposición porque, malia as diferenzas, quedou claro que sempre se fixeron tamén apostas cunha visión de que Lugo camiñase cara adiante, que avanzase e que, polo tanto, pois sempre poderían ser cuestións críticas positivas ou negativas pero estou convencido de que sempre coa intención de que esta cidade mellorase, polo tanto dicir que a vosa disposición, o que se poida seguir colaborando e que de seguro que nos seguiremos vendo e poderemos seguir falando de todo aquilo no que se poida mellorar esta cidade.

(Aplausos)

DONA LAURA MÉNDEZ LÓPEZ: moitas grazas e agora o portavoz do Partido Socialista.

DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: bo día a todos. Dicir que foi unha honra compartir con todos e cada un de vosoutros estes catro-oito anos. Me parece que fomos unha corporación productiva e que a cidade mellorou con esta corporación, uns dende o goberno e outros dende a oposición. Dende o aspecto persoal desexarvos todo o mellor nas vosas vidas e, dende o punto de vista político, seguro, seguro que ides seguir colaborando nun sitio ou noutro porque xente da vosa calidade humana e dos vosos coñecementos son necesarios para seguir traballando pola cidade.

(Aplausos)

DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ: moitas grazas. Por parte do Partido Popular, Sr. Carballo.

DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ: grazas Alcaldesa. Ben, aínda que eu esta despida xa a fixen no Pleno que pensabamos que era o derradeiro deste mandato, de novo quería agradecer o trato recibo nestes catro anos e neste mandato. Para min foi un orgullo representar ao Partido Popular e representar aos lucenses, ao grupo maioritario neste Concello, ao cal tamén lle teño que dar un agradecemento en primeiro lugar a propio grupo polo traballo feito e tamén a todos os que formamos parte desta Corporación polo trato recibido. Tamén desculparme se en algún momento, no debate, se puido faltar algo e alguén se considerou ofendido pois esa desculpa que xa fixera no seu día e reitero agora.

Agradecemento, como non, a todos os traballadores municipais, á prensa, aquí xa se dixo, porque senón o noso traballo moitas veces non é visible e a prensa serve dese enlace para transmitir o noso traballo. E o noso traballo non foi outro que tratar de defender os intereses de todos os lucenses. Tratei e tratamos, o Grupo Municipal do Partido Popular, traballar en positivo para esta cidade e isto é que vos desexo a todos os que ides continuar, que sigades poñendo sempre os intereses da cidade por enriba dos intereses individuais sobre todo, pero tamén

moitas veces polos intereses do partido. Eu creo que para iso nos votan os lucenses e eu no novo destino que teña seguirei estando a vosa disposición e intentando tamén, como non pode ser doutra forma, defender a esta cidade e esta provincia que é o que a todos nos debe mover.

Nada máis e moitas grazas a todos.

(Aplausos)

DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ: pois novamente moitas grazas de verdade a todos e todas, de maneira especial aos concelleiros saíntes que xa non estarán con nós a partir do 17, do pleno de constitución da vindeira corporación. Moitísimas grazas por toda esa aportación dende a idea de seguir mellorando e traballando por e para Lugo e de maneira especial, se mo permiten, nominativamente aos compañeiros de goberno que xa non estarán con nós, pero estou convencida de que seguirán traballando por e para Lugo alí onde lles leven as súas responsabilidades. Silvia Alonso e Álvaro Santos moitas grazas por esa aportación ao goberno durante estes catro anos e os compañeiros da oposición moitas grazas por intentar sempre buscar eses puntos de encontro de acordo, a veces non acadados por situacións ou cuestións ideolóxicas ou de prioridades de proxectos, ao mellor, non compartidos co goberno, pero en todo caso as aportacións que se fan con esa idea e o único fin, ese denominador común que temos todos, a vocación de servizo público para a mellora da nosa cidade. Así que alí onde vos toque asumir responsabilidades que teñades moitísima sorte e moitos éxitos no profesional e nos outros ámbitos que vos depare a vida e que nós seguiremos estando aquí para os que precisedes para traballar polos veciños e veciñas de Lugo, e ese si que é outro denominador común que temos así que, de verdade, moitas grazas e moitos éxitos.

(Aplausos)

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excm. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as nove horas e dezaseis minutos do expresado día catorce de xuño de dous mil vinte e tres, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa Presidenta en funcións, dona Lara Méndez López e polo Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel.